


## XAVIER ALCALÁ

# "Galicia enteira levita, é o Castroforte del Baralla que imaxinou Torrente Ballester"



Texto Nicolás Vidal  
Caricatura Juan Veiga

**E**sta segunda parte da triloxía é realmente dura, ¿é polos anos que retrata, a década dos 40?

—A diferenza está en que as barbaridades da primeira parte son propias da nosa Guerra Civil, desde o 39 ao 50, nunha zona en que a guerrilla tivo tanta forza como Ferrolterra e o Eume. A xeografía vai desde Chamorro

ata Breamo e a brutalidade do que se conta é algo que non debe asustar, era a realidade, non porque se queira contar a brutalidade, senón que se narra o ambiente no que sobreviven algúns disidentes, un dos cales é un pobre evanxélico que ten unha ficha ben curiosa: comunista, masón e protestante —un imposible! O admirable é que el ve como vai sobrevivindo, perseguido polo nacional-calolicismo e a guerrilla, levando paos de todas partes.

—¿Por que lle interesou o mundo dos evanxélicos?

—Aquí veñen uns señores e dinme que conte a súa historia porque a esta altura nin eles mesmos cren no que viviron, e necesitaban que alguén o contara. Esta é unha novela de encargo. O primeiro que fixemos foi un exercicio de realidade pura, segundo ma contaban. O problema, moi complicado de tipo técnico, é que as fontes son tantas e os personaxes bos e malos son tantos que houbo que facer unha narración de ficción na cal se xuntan varias persoas que acababan sendo un personaxe único. Por exemplo, catro curas malos acababan sendo un cura malo, cinco falanxistas asasininos, un falanxista asasinino; facendo algo novelesco que é construír prototipos.

—¿E a idea que fiña do mundo evanxélico antes do encargo?

—A que fiñamos todos os dos meus anos. Hai 50 anos andabamos con rapaces que eran protestantes e na casa diciannos que non andáramos con eles que eran moi raros, e claro que fiñan que ser raros, porque se facían as cousas ás claras caíanlles paos por tódolos lados. Anos despois xa vas comprendendo a unha xente normal, pero que é minoría disidente. O que me pareceu alucinante foi cando comezo a tomar notas, no ano 99, e descubrínon só a historia dos evanxélicos, senón a historia do noso país. E ademais con detalles como que me conten a batalla do Ebro desde o punto de vista dun evanxélico que non quere coller o fusil para matar, que é cando me dou de conta dos valores épicos da narración.

—O encargo é de xente de Pontedeume e Ares, ¿non?

—Nun principio si, pero logo leveume a Vigo e outros sitios. Iso xorde das relacións humanas con xente da nosa zona.

—¿Que ten de real e que de ficción "Nas Catacumbas"? Porque con tanto material tería que facer unha simplificación?

—Claro, é unha simplificación técnica literaria, pola can-

tidade de material. unhas mil páxinas de notas a man. Con centos de personaxes a historia era imposible de manexar. Logo, os evanxélicos son xente disposta a facer xustiza dos desaparecidos, pero non están dispostos a ser agresivos. Eles oran polos amigos e polos inimigos, así que os personaxes bos son persoas reais: o comandante Eliseo Díaz del Río, don Xosé, o crego que os defendeu cando desde a diocese se ordeaba dicir de non mercar nada aos evanxélicos e el dixó que os púlpitos non estaban para cuestións comerciais. Houbo moitas persoas boas. Hai algún malísimo que tamén aparece, como Franco, a quen non podemos ocultar, ou outros personaxes históricos como Alfonso XIII, un adúltero e un pecador. En xeral, as persoas malas aparecen deformadas, irrecoñecibles, porque eles non queren que resulten magoados.

—Ou sexa, que non hai un axuste de contas, só a recuperación da memoria.

—Hai un axuste de contas social, contra o axuste de contas represor, contra cregos asasininos, pero non personalizando.

—¿Que lle dixeron do resultado do anterior volume e deste segundo?

—O primeiro foi lido e comentado, con boas vendas. Van poñelo como tema de estudo na súa clase de relixión, no bacharelato. A segunda, que xa leron en probas.

—Eles non se atreveron a contala.

—Na primeira reunión díxéranme que me coñecían, que sabían que eu escribía ben e querían que me fixera cargo da súa historia. Eu estaba expectante logo, cando me comezaron a contar, xa era eu quen lles pedía máis.

—¿O plan de traballo inicial contemplaba unha triloxía e, por riba, ben voluminosa?

—Non, nin imaxinaba as ramificacións. Do primeiro libro o editor fixome sacar 50 páxinas, e do segundo saqueille eu outras cincuenta.

—Entón, o tema atrapouno.

—Non é que me atrapara. A materia literaria que eu posúo neste momento é tan extensa e está tan ramificada... Hai que dicir que eu non estouv a escribir a historia dos evanxélicos, senón unha historia do noso mundo, de España para adentro, pero vista desde os ollos dun evanxélico, un represaliado, un home castigado. Pero a historia tamén podía ser escrita desde outros puntos de vista. Aquí falamos dun home que, cabe maior tolerancia, ten ficha de comunista, masón e protestante! Un home que toma posesión

**"Esta é unha novela histórica na que os bos son reais, mentres que os malos están simplificados e distorsionados"**

do seu posto nunha estación do ferrocarril e dille o seu xefe que coa súa ficha mellor que lisque, que máis lle vale perder o chollo que a vida, porque xa o agardan os falanxistas para fusilalo grazas á maldita ficha.

—**¿Iso sucedeu?**

—Absolutamente. Todo o que se conta na novela é real. Está deformado, pero non hai un só feito inventado.

—**Un home como vostede, un enxeñeiro de telecomunicacións, ¿de onde saca o tempo para escribir triloxías como esta que nos ocupa ou os trinta títulos e traducións que leva ás costas?**

—A xente normal cando chega a casaponse diante do televisor, eu pónome diante do ordenador. Estou todo o día diante dun ordenador. Con constancia conséguese todo, aínda que eu non escribo tanto, o que pasa é que escribo rápido. O que si fago é corrixir moito. Como escribir, podo facer unhas cen páxinas ao mes, aínda que logo doulle moitas voltas.

—**¿Cales son as cifras de "A nosa cinza"?**

—Estes días descubríronas en Galaxia. A novela leva xa 15 edicións legais, houbo un pirata que as vendeu ata que lle mandaron parar, e máis de 65 000 exemplares vendidos.

—**¿Cre que será a obra pola que será identificado no futuro?**

—Estou orgulloso de "A nosa cinza", porque sempre se fala dos que pintaron ou deixaron de pintar Ferrol. A miña pintura da nosa vila pode quedar calcada perfectamente. Se eu mañá morrese a xente me lembraría por verme aguantado "A nosa cinza" e pola letra de "Teño saudade". Pero é unha obra de xuventude. Empecé a escribila en Lisboa no ano 72, tiña 24 anos, pero tardou anos en publicarse porque a censura non permitía publicar iso. Nin no 76 puido publicarse, que houbo que deixala conxelada. É unha arrotada xuvenil, pero qué pasou, con "Memorias dun neno labrego", como as novelas máis influíntes da literatura galega. Agora ben, desde o punto de vista literario, se leño que comparar ese librillo con esta triloxía, dálle a risa, claro.

—**¿Cre que esta triloxía é a súa mellor obra?**

—Algún crítico faloume de "Fábula" como novela insuperable, ou "Nos pagos de Huinca Loo". Das obras que un escribe os técnicos dan a súa opinión, pero xa escolleite que este proxecto é como algo único: a construción dun docudrama, nesa fronte difusa que hai entre a reportaxe e a ficción.

—**¿Deixando aos técnicos e falando co autor, cal é a obra da que está máis satisfeito?**

—De "Nos pagos de Huinca Loo".

—**Vostede foi un dos poucos autores que trataron o tema de América na literatura galega. ¿Virtude súa ou miopía dos seus colegas?**

—A min tocoume andar por aí e, de súpeto, tócame chegar a Orense na provincia de Buenos Aires, e empezo a sacar alí a historia dun que lle chamaban "el vasco Santamarina", e digo eu que como chamándose Santamarina Varela o lipo ía ser vasco.

—**¿Desas historias houbo moitas?**

—¡Moiísimas! Pero pásalle a calquera que vaia. É para non parar. Para min hai un libro clave que é o de Luis Menéndez, "Toda a terra e dos homes", que de cada capítulo que fala dun galego perdido pola selva, de cada un deses fai unha novela. O que temos que preguntámonos é por que apenas Freixanes, Neira Vilas ou eu entramos na épica americana, por que non o fan resto deles; eles saberán, pero perder toda a épica dos galegos en América é unha pena.

—**Fálase da gran novela, da gran epopea galega da emigración, pero se non se escribe, acabará rodándose...**

—O grande drama que hai nisto é que a xente maior, que pode contar esas historias, está a morrer. Os galegos que atopei na Patagonia van morrendo, como o señor Bartolo, que me descubriu ao galego Solo, que era de Ferrol, e tería hoxe se vivise 103 anos. Eu tiven sorte de collelos nos anos 70, pero xa van todos alá.

—**¿O feito de ser enxeñeiro dálle outra óptica á hora de retratar temas distintos ou pouco usuais na literatura galega?**

—Estou convencido diso. A mente inquisidora dos enxeñeiros, esa necesidade de andar sempre furando, moi probablemente me leva a andar fóra de min, mentres hai moito escritor que se adica ao intimismo. A min o inlino prodúceme pudor, creo que hai que luxir diso. Eu quero contar historias, non quero centrarme na minuciosidade do relato, do que non ten unha compoñente épica; non é rechamante. Pero penso que a miña mentalidade profesional obrigame a andar investigando.

—**Falemos do galego hoxe. Vostede reivindica a opinión de dous ilustres ferroláns, Carvalho Calero e**

**Ernesto Guerra da Cal, da aproximación ao portugués, polo menos graficamente.**

—Penso que o galego hoxe, afortunadamente, está ben codificado, como calquera outra lingua latina. Aquí o que falta é que se defina unha parte máis do código: a gráfica. Da miña experiencia con portugueses, cando lles dou un libro meu afanse axiña a ler, pero sempre che din "¡Home, tanto xis, tanto xis!". Pero en Galicia non hai vontade de facer país coa lingua. O normal sería aproximá-la á escritura portuguesa.

—**¿Cre que esa petición é realista na Galicia de hoxe?**

—Con vontade, si. Os galeguíños andan todos querendo dicir Jordi Pujol, pronunciando o iota catalán, sen embargo ven escrito Raxoy, con xis etimolóxica, e diñ Rajoy. ¿Entón, os galegos son parvos? Ou agora Feixóo, Ameixeiras... estes apelidos que son co xis. Aquí o que pasa é que non se quere resolver ese asunto, e axudaría moito a aproximación gráfica ao portugués. Non falo da morfolóxica nin estou de acordo con escribir en portugués, senón nun galego que facilite a lectura da xente que está afeita a ler en portugués. Entón gañaríamos un espazo enorme. ¿Non se quere facer? Pois fasilidíamonos todos.

—**Vostede ten outra singularidade como é a da galeguización sendo de fóra de Galicia. Hoxe, unha persoa no seu caso non tería os mesmos estímulos.**

—Non, porque eu creíame entre xente que era galego parlante nunha proporción inmensamente maior á de agora. Eu non aprendín galego pola gramática. A primeira vez que vin unha gramática en galego foi en Madrid, con 17 anos, nun curso que daba Ben-Cho-Shey. Eu vivía entre Ferrol, Valdoviño e Cabanas e en canto daba un paso fóra de Ferrol a xente xa estaba falando galego. Ademais, hai que dicilo, a pequena burguesía galega tiña na casa criados, e os criados falaban galego e nós escoitabamos falalo a cotío, e iso xa se desmontou.

—**O caso semellante ao seu era o do seu amigo Andrés Dobarro.**

—Home, Andrés herdou o seu galego da Cipriana que o criou.

—**¿Como xurdiu a metáfora súa do impaís?**

—Nos tempos escuros en que loitabamos en facer país na agrupación cultural O Facho tiñamos unha sección que nos deixaban en El Ideal Gallego que se chamaba "Safari toponómico". Entón, falando do desastre que era o país, estábamos Manuel Caamaño, Xaquín Vilar, Xosé María Monterroso, e eu soíste que este era un impaís e esquecínme. Cando cheguei á seguinte reunión xa estaban todos falando do impaís. Foi algo casual e quedoume a idea.

—**¿E que pasará co impaís o próximo domingo?**

—Pois que probablemente se comporte como un impaís levitante.

—**¿E as enquisas?**


—As enquisas en Galicia doulles moi pouco valor, e eu non me atrevo a pronosticar nada. Móvome moito por toda Galicia e falo con moita xente e a situación é levitante. O país está no aire, a xente vive no máis absoluto desmorle. ¿Cal será a consecuencia? Que como haxa carrexo de votos ou volacións de mortos desde América, pois xa está, o de sempre.

—**¿Non cre que haberá un cambio de réxime?**

—Os do cambio teñen unha situación complicada pola levitancia do país.

—**Ou sexa, que para vostede toda Galicia é Castroforte de Baralla, a cidade levitante imaxinada por Torrente Ballester.**

—Totalmente. O grande xenio, don Gonzalo, xa o imaxinou. El foi quen mellor captou o país levitante, inexistente. Recordo cando me meíla con el dicíndolle: "¿Pero don Gonzalo, despois de tres horas falando en galego, co ben que o fala, por que non escribe en galego?" E el díciame: "¡Non! porque en todo caso tería eu que escribir en ferrolán, e iso non ten gramática!"



Arriba. Alcalá coa súa última novela, segunda parte dunha triloxía sobre o mundo avanxético.

